

## III XORNADAS DE MEMORIA HISTÓRICA

A corrupción franquista:  
métodos e consecuencias  
na actualidade

NA LOITA CONTRA A  
**IMPUNIDADE**

 **DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**

26 e 27 de novembro de 2021  
Pazo provincial da Deputación de Pontevedra  
Avenida de Montero Ríos, s/n  
Inscripcións en [memoriahistorica@depo.gal](mailto:memoriahistorica@depo.gal)



Os asasinatos, o cárcere, o exilio, as vexacións sexistas e a crueldade da represión franquista fixeron que a represión económica quedase nun segundo plano, con moito menor protagonismo, malia que supuxo un terríbel drama para centos de familias do bando republicano e que se converteu no caldo de cultivo dunha rede clientelar que a Transición non puido erradicar completamente.

A III Edición das Xornadas contra a Impunidade do Departamento de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra pretende afondar no coñecemento dos métodos utilizados pola Ditadura para enriquecemento da cúpula franquista e das empresas que apoiaran o golpe, mais tamén, e sobre todo, debater sobre as repercusións que tivo após 1975, sen perder nunca de vista o padecemento que supuxo para as vítimas.

O primeiro día das xornadas centrarase no enriquecemento das empresas afíns ao franquismo con atención especial ás galegas, coa charla de Antonio Maestre. A continuación, Xosé Álvarez Castro abordará a represión económica contra as familias republicanas e como a corrupción e o enriquecemento ilícito impregnaron distintos estamentos do propio réxime. A seguinte charla, de Beatriz Busto, estará orientada ao espolio cultural e ao roubo do relato por parte do franquismo, que se esforzou en mudar os símbolos da identidade galega. Esa primeira tarde concluirá coa proxección do documental *Billy*, presentado por unha das súas vítimas, Miguel Ángel Gómez Gus. Trátase de abordar a corrupción sistémica da Ditadura e a inmovilidade de determinados estamentos após a morte de Franco.

O sábado 27 de novembro a xornada comeza coa charla de Rebeca Quintáns, autora da biografía de Juan Carlos I, pioneira no estudo da corrupción na monarquía. A continuación, Xosé Ramón Rodríguez Lago falará dos beneficios que supuxo para a Igrexa a súa complicidade coa Ditadura. Xa tras o café, Araceli Freire falará da resistencia que o pobo galego e, nomeadamente, as mulleres puxeron ao espolio dos recursos públicos, especialmente do monte en man común, e a xornada matinal remata cunha mesa redonda na que participan descendentes de familias espoliadas que asumiron a herdanza de transmitir a memoria. As xornadas complétanse cunha viaxe de memoria a Oia e a Baiona que partirá ás 16:15 horas de Pontevedra.

## Venres, 26 de novembro

- 16:00 h Inauguración por parte das autoridades
- 16:30 h Antonio Maestre, "O capital e a represión: Franquismo S. A."  
Presenta María Núñez, directora de comunicación da Vicepresidencia da Deputación
- 17:15 h Xosé Álvarez Castro, "Represión económica, entre a corrupción e o espolio"  
Presenta María Lores, directiva da Asociación Cultural Amarinda
- 18:00 h Pausa para o café
- 18:30 h Beatriz Busto, "A Galiza em NO-DO. A arquitectura da subalternidade cultural"  
Presenta Ramón Rozas, xornalista do *Diario de Pontevedra*
- 19:15 h Proxección do documental *Billy* de Max Lemcke, coa participación de Miguel Ángel Gómez Gus, vítima de Billy el Niño  
Presenta Montse Fajardo, técnica de Memoria Histórica da Deputación

## Sábado, 27 de novembro

- 10:00 h Rebeca Quintáns, "Todo atado e ben atado: do franquismo á monarquía"  
Presenta Alberte Mera, xornalista de *Nós Diario* e director do documental *Reboiras, acción e corazón*
- 10:45 h Xosé Ramón Rodríguez Lago, "Igrexa e ditadura. Da estreita alianza ao suposto despegue"  
Presenta Susana Regueira, xornalista do *Faro de Vigo*
- 11:30 h Pausa para o café
- 12:15 h Araceli Freire "Resistir, sobrevivir e loitar polo común nunha longa noite de pedra"  
Presenta Andrea Ferrer, integrante da Mocidade Galega pola Memoria
- 13:00 h Mesa redonda "Cando a herdanza é a memoria"  
Carlos Babío, autor de *Meirás: un pazo, un caudillo, un espolio*  
Paqui Maqueda, presidenta da asociación andaluza Nuestra Memoria e integrante da plataforma Gambogaz  
Susana Sánchez Arins, autora de *Seique*  
Modera Natalia Puga, xornalista do *Pontevedra Viva*
- 14:00 h Pausa para comer
- 16:15 h Partida de Pontevedra ao Val Miñor para a Viaxe da Memoria guiada por Xosé Lois Vilar. Visita ao Mosteiro de Oia e Baiona. Saída do autobús desde o lateral da Capela de San Roque
- 20:00 h Regreso a Pontevedra